

**materia**

Fundamentos Históricos do Dereito

unidade didáctica 8

# Codificación

M<sup>a</sup> Teresa Bouzada Gil  
Dereito Público Especial  
Facultade de Dereito



VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA, CULTURA E SOCIEDADE

**titulación**

Grao en Dereito





unidade didáctica 8

## Codificación

M<sup>a</sup> Teresa Bouzada Gil  
Dereito Público Especial  
Facultade de Dereito



© Universidade de Santiago de Compostela, 2010

**Deseño**

Unidixital

**Edita**

Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura  
e Sociedade da Universidade de Santiago de  
Compostela

Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

**Imprime**

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da  
Universidade de Santiago de Compostela

**Dep. Legal:** C 3973-2010

**ISBN** 978-84-9887-540-9

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.  
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta  
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-  
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen  
consentimento expreso por escrito dos editores.

## **MATERIA: Fundamentos Históricos do Dereito**

### **TITULACIÓN: Dereito**

#### **PROGRAMA XERAL DO CURSO**

Localización da presente unidade didáctica

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 1. Dereito romano en Hispania**

Romanización xurídica de Hispania. Vulgarización do Dereito romano.  
Pervivencia da tradición romana no Regnum visigodo .

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 2. Pluralismo xurídico altomedieval**

Orixes e expansión dos reinos e condados cristiáns. Pervivencia da tradición xurídica romano-vulgar.

O novo dereito privilexiado. Os intentos de unificación xurídica.

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 3. Ius commune**

Pervivencia do Dereito romano xustiniano.

A Escola de Boloña e o Ius commune.

O Dereito canónico.

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 4. Iura propria**

O concepto de Dereito. A formación e aplicación do Dereito.

Caracteres do novo orde xurídico. Ius commune e Iura propria nos reinos hispanos.

O proceso recompilador nos distintos reinos da Monarquía española dentro do contexto europeo.

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 5. Absolutismo xurídico**

O triunfo do absolutismo rexio e a unificación xurídica da Monarquía.

Novas concepcións políticas e xurídicas.

Os inicios do proceso codificador en Europa.

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 6. Constitucionalismo**

Os novos principios políticos. Concepto de Constitución.

A parte dogmática das constitucións.

A parte orgánica das constitucións.

As Leis Fundamentais da Ditadura do xeneral Franco.

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 7. O ordenamento xurídico contemporáneo**

O concepto de Dereito.

Fontes do Dereito. Influencia do Dereito internacional. A doutrina xurídica.

O coñecemento do Dereito: periódicos oficiais e coleccións normativas.

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 8. Codificación**

Concepto de Código. Tradición e renovación xurídica.

Os debates xurídicos na Europa do século XIX.

O proceso codificador en Europa ó longo do século XIX.

Ramas xurídicas codificadas en España.

Ramas xurídicas non codificadas en España. Lexislación especial.

A proxección do Dereito español nos novos estados americanos.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 9. Estruturas políticas superiores**

Fundamentos políticos da potestade real no marco do *Ius commune*.

Estado e soberanía. A súa evolución.

Unións supraestatais.

Trazos esenciais na evolución en España das estruturas administrativas centrais, territoriais e municipais.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 10. Parlamentarismo**

O nacemento dos parlamentos en Europa.

As Cortes dos reinos hispanos.

O poder lexislativo na etapa constitucional.

Os sistemas representativos contemporáneos.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 11. Persoa**

Persoa física e capacidade no seu desenvolvemento histórico.

División social: o privilexio e a súa proxección en ordes ou estamentos.

Dereitos da persoa. O principio de igualdade na época contemporánea.

Persoa xurídica. As corporacións e as súas normas. O *Ius mercatorum*.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 12. Familia**

Concepto e evolución histórica dos aspectos básicos da familia.

A constitución do matrimonio e as súas formas de disolución.

Trazos fundamentais dos réximes económico-matrimoniais históricos.

A filiación e as súas clases. Patria potestade e a adopción.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 13. Propiedade**

As cousas e as súas clasificacións históricas.

A propiedade e as súas clases. O dominio.

Modos de adquisición e perda da propiedade. As limitacións ó dereito de propiedade.

A posesión e os seus efectos.

Protección da propiedade e da posesión na súa proxección histórica.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 14. Obrigación e contrato**

Concepto e evolución histórica da obrigación. Clasificación das obrigacións.

Evolución histórica das fontes das obrigacións.

O contrato: concepto, evolución histórica e formación.

Clasificacións dos contratos.

Extinción das obrigacións.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 15. Sucesión**

Evolución histórica del Dereito sucesorio.

Testamento: requisitos de outorgamento e modalidades.

Posición xurídica dos herdeiros e distribución da herdanza: o maiorazgo.

Concepto e fundamento da sucesión intestada.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 16. Estruturas xudiciais e proceso**

As transformacións históricas do concepto de Xustiza.

Xuíces legos e xuíces togados. Asistencia e formación xurídica do xuíz.

A administración de xustiza colexiada: os tribunais.

Esquema histórico do proceso.

Manifestacións históricas da discrecionalidade xudicial.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 17. Dereito penal**

Evolución da represión de condutas ilícitas.

O delincuente e outras formas de participación criminal.

A comisión do delito e o iter criminis.

Responsabilidade criminal. Teorías sobre as circunstancias do delito.

As penas e a súa evolución. Causas modificativas da pena.





## ÍNDICE

---

<b>Presentación</b> .....	9
<b>Os obxectivos</b> .....	11
<b>A metodoloxía</b> .....	13
<b>Os contidos</b> .....	14
1. Concepto de código. Tradición e renovación xurídica .....	14
2. Os debates xurídicos na Europa do século XIX.....	15
3. O proceso codificador en Europa ó longo do século XIX.....	15
4. Ramas xurídicas codificadas en España.....	16
5. Ramas xurídicas non codificadas. Lexislación especial.....	16
6. A proxección do Dereito español nos novos estados americanos.....	17
<b>Actividades propostas</b> .....	18
<b>Avaliación da UD</b> .....	24
<b>Anexos</b>	
Anexo 1 .....	25
Anexo 2 .....	26
Anexo 3 .....	27
<b>Bibliografía</b> .....	27



## PRESENTACIÓN

---

A disciplina xurídica *Fundamentos Históricos do Dereito* atópase na Memoria de Grao da Facultade de Dereito da USC como unha materia troncal no primeiro cuadrimestre do primeiro curso, cunha asignación de seis créditos ECTS.

Nesta materia abórdase a evolución do Dereito español, das súas fontes e das súas institucións, dende a chegada dos romanos á Península ata a actualidade. A vinda dos romanos supuxo un fito xurídico fundamental na nosa historia xurídica, ata o punto que se chegou a definir o Dereito español, quizás exaxeradamente pero de modo elocuente, como «o dereito romano evolucionado no peculiar ambiente hispánico»; tal é a súa transcendencia para a nosa historia xurídica. Non obstante, non só é o Dereito romano o sistema xurídico determinante para a formación do Dereito español: fundamentalmente o Dereito Canónico e, xa en moita menor medida, os Dereito Xermánico e Feudal, tamén deben ser tidos en conta na exposición dunha evolución da Historia do Dereito en España.

De todos os xeitos, calquera exposición de Historia do Dereito xera varios problemas metodolóxicos: un deles refírese ó ámbito espacial: que enmarca España? A entidade política que hoxe se coñece por España é froito dun proceso bimilenario, que pasou por vaivéns históricos: dende a unidade da Hispania baixo o Imperio romano e, aínda baixo a Monarquía goda, pasouse á aparición no Medievo e trala conquista musulmá que desbaratou a antiga unidade política, relixiosa e xurídica visigoda, a unha serie de formacións político-xurídicas novas que, tras uns séculos de vida independente, pouco a pouco se van unindo entre elas ata formar as Coroas (de Castela e de Aragón) xa no Baixomedievo, e que darán paso na Idade Moderna a Monarquía Universal. Ademais do problema de cando se pode falar –se pode– de España e das diferenzas políticas e xurídicas dos seus territorios ata o século XVIII, polo menos, outro segundo problema é o tratamento que nunha disciplina histórico-xurídica debemos dar ós outros sistemas xurídicos que houbo no soar hispánico: por exemplo, o Dereito musulmán e o Dereito hebreo (dous pobos cos que estivemos en contacto durante oito séculos, pero que tan pouco deixaron no nosa Historia do Dereito); ou ben, o Dereito español que “se exportou” a outros territorios que hoxe non son España pero que o foron (as Indias, por exemplo) e que determinan que o Dereito dos estados nados á calor da emancipación colonial americana fosen moi influídos polo Dereito español; e isto vese de xeito moi acusado na Codificación do século XIX nestes estados americanos. Outro problema metodolóxico implica comprender que a unidade política lograda no século XVIII na cabeza da Monarquía Universal moderna, non supón, necesariamente, a unidade xurídica. E así, a diversidade xurídica dos distintos territorios que a compón, se mantén. A unidade xurídica comezará a acadarse trala Guerra de Sucesión, no século XVIII, e cos Decretos de Nova Planta de Filipe V. Grazas ás doutrinas do Racionalismo e Iluminismo se desenvolve, sobre todo nos estados centroeuropeos e Francia, a idea de igualdade xurídica materializadas coas Constitucións e Códigos xa no século XIX (con todo, cómpre recordar que xa se producira o experimento da Constitución e da carta de Dereitos

fundamentais, no século XVII, no nacente Estados Unidos de América). Por último, e, como xa comentaramos, non só debemos considerar o Dereito secular, tamén con moita atención, especialmente, debemos tratar o Dereito Canónico, que tanta influencia tivo dende os emperadores romano-cristiáns ata o século XIX no devir xurídico de España.



Esta Unidade Didáctica vén ser nomeada *Codificación*. O tema é dunha importancia innegable. Os códigos son os novos libros xurídicos nados á luz das correntes ideolóxicas da Ilustración e do Racionalismo no século XVIII. Representan a evolución e desenvolvemento de principios xurídicos que veñen de períodos históricos precedentes. E materializan un Dereito legal –onde a lei é a principal fonte de Dereito, relegando definitivamente o costume–, un Dereito único –a materia que regula cada código é unha: civil, penal, mercantil–, un Dereito seguro –o dereito contido nos códigos é certo, non se somete a incerteza de épocas anteriores na Historia–, e, por último, un Dereito igual –todos os nacionais están suxeitos ó mesmo dereito–.

Os Códigos representan un novo modo de estruturar o Estado e son o complemento imprescindible das Constitucións. Códigos e Constitucións son complementarios. O proceso codificador é un fenómeno estritamente europeo levado posteriormente a outros estados de nova aparición, antigas colonias das nacións europeas. Os Códigos substitúen as antigas recompilacións xurídicas –libros de Dereito propios da Idade Moderna e representativos da organización estamental e do pensamento filosófico-político do Antigo Réxime–.

Se ben é certo que houbo xa os primeiros intentos codificadores no século XVIII en monarquías como Austria, Prusia e Francia, o certo é que será no século XIX cando o proceso codificador se estenderá por todos os estados europeos. Cada país, á calor da súas constitucións, elaboran os seus propios códigos.

O proceso codificador español é particular, especialmente, no que atinxe ó Dereito Civil. Por mor da influencia do pensamento alemán e da Escola Histórica do Dereito, sobre todo en determinadas zonas peninsulares, nomeadamente, Cataluña, pero tamén en Aragón o Navarra, deféndese o mantemento das peculiaridades forais e tradicionais do dereito destas zonas a pesares da elaboración do Código Civil que esixe, pola súa natureza, un mesmo dereito, un dereito igual, para todos os seus destinatarios, é dicir, para todos os españois. Isto supón que un dos

principios fundamentais da Codificación, a igualdade xurídica entre os nacionais, non quere ser considerada en España ó pretender certas rexións forais o mantemento da súas peculiaridades histórico-xurídicas.

Nesta Unidade Didáctica 8 imos abordar un concreto aspecto do complexo desenvolvemento histórico do Dereito español, o proceso codificador, nunha tripla perspectiva: o pensamento europeo que favorece a Codificación en todo o continente, tamén en España, con alusión á codificación nalgúns estados do noso contorno xurídico-cultural; o proceso codificador en España, propiamente; e, por último, a influencia dos códigos españois nos Estados americanos que foran antigas colonias e que durante séculos tiveron como Dereito propio, o Dereito español.

A duración da Unidade Didáctica é de 13 horas (3 horas expositivas e 8 horas de práctica presencial e dúas horas de busca de material en Bibliotecas e Internet.

## **OS OBXECTIVOS**

---

### **1. Obxectivos xerais**

A disciplina de *Fundamentos Históricos do Dereito* intenta que o alumno acade o coñecemento e a comprensión da evolución das fontes e institucións do Dereito español dende a chegada dos romanos á Península Ibérica ata o século XX. Para iso, fixa uns obxectivos xerais da disciplina entre os que se encontran os que seguen.

- Coñecer teoricamente e de xeito práctico a evolución xurídica e institucional das diferentes unidades territoriais que deron lugar á configuración de España, dende a época romana ata a etapa constitucional, sen esquecer os singulares aspectos sociolóxicos, políticos, económicos ou de calquera outra índole, aínda que se opta por incidir de forma esencial nas relacións xurídicas que os soportan que, ao mesmo tempo, se poida apreciar de que xeito se ven influídos.
- Valorar máis axeitadamente a evolución xurídica, da adecuación da normativa hispana á influencia doutrinal europea e as circunstancias socio-políticas ata o século XX.
- Permitir que o alumno perciba de que maneira se aplicaba a legalidade vixente e cal foi a realidade práctica –a diferenza entre o dereito lexislado e o realmente aplicado–.
- Comprobar, mediante o achegamento á realidade práctica dalgunhas das institucións, como se desenvolveron e evolucionaron.
- Incidir nas influencias xurídico-institucionais, fundamentalmente europeas, que se recibiron e proxectaron no ordenamento xurídico español.
- As correntes doutrinais que fluíron por Europa recibíronse e proxectáronse en numerosos textos legais, dando orixe, incluso, a un gran número de institucións.

- Enlazar esta orixe co exposto anteriormente facilitará a comprensión de transcendentais fenómenos da nosa evolución iushistórica.

## 2. Obxectivos específicos da Unidade Didáctica

Nesta Unidade Didáctica, preténdese acadar como obxectivos específicos os que seguen.

- Coñecer as correntes ideolóxicas que levaron á elaboración dos Códigos en Europa.
- Coñecer o proceso de elaboración dos distintos códigos no século XIX en España.
- Coñecer a influencia dos códigos españois nos países iberoamericanos.
- Valorar a tradición xurídica romana nos códigos privados.
- Apreciar a influencia dos cambios políticos nos códigos, nomeadamente, nos penais .
- Manexar, ler, comprender, textos xurídicos antigos (terminoloxía, expresión...)
- Mellorar a fala en público.
- Mellorar a sistemática e presentación dos traballos escritos.



Alfonso the Wise

The Siete Partidas

**Afonso X “O Sabio” e o seu libro xurídico, As Sete Partidas**

## OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

---

A formulación metodolóxica destes contidos combina varios formatos:

- expositivo;
- interrogativo;
- por descubrimento.

### 1. Expositivo

Este método resulta imprescindible para situar os alumnos no ambiente histórico, filosófico, social, político e xurídico do século XVIII, como precursor, e do século XIX, como realizador do proceso codificador en Europa, e tamén en España. A exposición durará un máximo de tres horas.

### 2. Por descubrimento

Este método será o empregado para a realización das prácticas sobre a evolución e interrelacións do Dereito que farán os alumnos.

Para os traballos individuais do alumno: ó alumno darase un obxecto de estudo –un concepto ou unha institución que sexan fundamentais do temario da Unidade Didáctica–, así coma a bibliografía máis relevante sobre a materia. Coa axuda das titorías, preténdese que o alumno comprenda o concepto ou instituto xurídicos de xeito que poida facer un traballo por escrito (que deberá entregar ó profesor) para a súa exposición oral, non máis de dez minutos, ante os seus compañeiros.

Para os traballos colectivos, faranse na aula grupos de 5 / 6 alumnos. O profesor presentará diferentes variantes de prácticas colectivas:

- a) práctica sobre aspectos de codificación civil;
- b) práctica sobre aspectos de codificación penal;
- c) prácticas sobre aspectos procesais.

É evidente que o Dereito non é compartimento estanco, de xeito que resulta moi posible que unha mesma práctica teña estes aspectos mencionados, e incluso outros, mesturados.

Terase en conta que os alumnos de “*Fundamentos Históricos do Dereito*” son de Primeiro de Grao, primeiro cuadrimestre. Os seus escasos coñecementos xurídicos esixen acudir a prácticas para eles moi sinxelas, a conceptos ou institucións fáciles de entender cunha mínima cultura xurídica.

Con respecto á institución, presentaráselles a mesma institución –se fose posible– no Dereito romano, no Dereito godo, no Dereito medieval, nomeadamente, nas Partidas de Afonso X, no Dereito da Idade Moderna, e nos textos da Idade Contemporánea (xa sexan códigos penais, xa sexa proxectos ou o Código Civil na súa primeira redacción) para que analicen as diferenzas e semellanzas na evolución dunha institución xurídica. Presentarán o docente o traballo por escrito, e exporán ante os seus compañeiros, de xeito oral e por un máximo de vinte minutos, o traballo.

### 3. Interrogativo

Unha vez feitas as prácticas, individuais ou en grupo e expostas oralmente, os alumnos e/ou os grupos serán cuestionados nas súas opinións e conclusións dos seus traballos polos compañeiros e polo docente coa intención de favorecer o debate xurídico entre os alumnos.

Dentro deste método interrogativo tamén se atopa un tipo de práctica moi axeitada para un alumno de Dereito: os debates xurídicos. Para iso, o profesor formula unha cuestión dubidosa e establece equipos na clase, obrigados a defender con argumentos xurídicos sempre (se lle facilitará bibliografía sinxela), a súas posicións, estean ou non de acordo con elas.

## OS CONTIDOS BÁSICOS

---

### 1. O Código: concepto. Entre a tradición e a renovación xurídica



O Código é un novo tipo de libro xurídico nado na Idade Contemporánea que acompaña as constitucións como piares xurídico-políticos dos estados de Dereito que xorden a partir do século XIX. O Código recolle un Dereito baseado no principio de legalidade e na certeza xurídica, dun xeito sistemático e cunha vocación de totalidade, no que se refire á normalización de todos os problemas xurídicos que poden acadarse na materia obxecto de codificación. Neste apartado de contido, explícanse tamén as diferenzas entre un Código e unha Recompilación de Dereito (texto xurídico

nado e morto na Idade Moderna e propio do Antigo Réxime). Con todo, a pesar de que o Código é un novo libro xurídico, o Dereito neles contidos non é novo. Ó contrario, é o resultado da tradición xurídica europea, encarnada no Dereito Romano da Recepción baixomedieval e no Dereito Canónico, sen esquecer, no noso caso en menor medida, o Dereito xermánico. O Dereito nunca é ruptura co período histórico precedente. Por iso, os códigos recollen tamén unha tradición xurídica, que quizais rexeiten, pero da que non poden evadirse. Así, por exemplo, o Dereito romano, obxecto de rexeitamento nas universidades europeas dende o século XVIII e desprestixiado polo Racionalismo, non obstante inflúe notablemente nos códigos civís dos diversos Estados europeos, inicialmente no francés de 1804, pero tamén no español, de 1889.

**O Código é un novo tipo de libro xurídico nado na Idade Contemporánea que acompaña ás Constitucións como piares xurídico-políticos dos estados de Dereito que xorden a partir do século XIX.**



## 2. Os debates xurídicos na Europa do século XIX



Ó longo do século XIX desenvólvense en Europa os postulados dunha serie de escolas de pensamento xurídico, nadas ó carón das correntes filosóficas do Iluminismo e Racionalismo do século precedente, que inciden na elaboración dos códigos nos diferentes estados de Europa. Nomeadamente son tres as escolas que se abordan neste apartado: Escola Utilitarista inglesa, de J. Bentham; a Escola da Esexese francesa, e, sobre todas elas, a Escola Histórica do Dereito alemán,

de F.C. von Savigny (no retrato). Acerca de todas elas iremos dando unha serie de nocións que permitan ó alumno comprender a transcendencia da súas doutrinas e opinións para o desenvolvemento de proceso codificador non só en Europa senón tamén en España, xa que tales correntes chegan ata nós, se ben de xeito máis intenso a partir da Constitución de 1812. Especialmente, a Escola Histórica do Dereito, enraizada co nacionalismo xermánico máis conservador, nun intre da historia de Alemaña tan determinante xa que a Nación aínda non se constituiría en Estado ata 1871, é de notable influencia no pensamento xurídico dalgunha das rexións forais españolas daquel tempo; en particular, Cataluña, onde a Escola Histórica do Dereito tivo importantes seguidores. Os postulados desta Escola alemá condicionaron o resultado final da Codificación do Dereito Civil en España.

**Ó longo do século XIX desenvólvense en Europa os postulados dunha serie de escolas de pensamento xurídico, nadas ó carón das correntes filosóficas do Iluminismo e Racionalismo do século precedente, que inciden na elaboración dos códigos nos diferentes estados europeos.**

### 3. O proceso codificador en Europa ó longo do século XIX

Xa dixeramos que a Codificación é un proceso europeo. Por iso, antes de entrar na análise do caso español, trátase de presentar, brevemente, o proceso codificador nalgúns estados do noso contorno xurídico e cultural, cal é o caso de Portugal, Francia e Italia. Isto non impide facer alusións a outros estados, coma Alemaña ou Inglaterra. Debe terse en conta que a Codificación é, por un lado, o resultado xurídico do desenvolvemento do Dereito de épocas anteriores nunha concreto Estado (como xa dixeramos, o Dereito non se crea ex novo nunha época sen contar cos precedentes), pero, por outro lado, o Dereito codificado é innovador, sobre todo, na forma

ou nos principios, que se ben existiron con anterioridade, non foran constitucionalizados. As peculiaridades históricas de cada Estado europeo determinan o senso do seu proceso codificador.

#### 4. Ramas xurídicas codificadas en España



Axustizamento a garrote vil

longo do século, nuns procesos laboriosos e moi longos, con grande cantidade de proxectos, debates, participación dos distintos estamentos sociais (Cortes, comisións lexislativas, universidades, concellos, colexios de avogados, igrexa...) elabóranse varios códigos penais, cambiantes á luz dos acontecementos políticos, dous códigos de comercio, e un código civil, aínda vixente, se ben, cun articulado xa moitas veces modificado. O Código Civil, en unión coa Constitución, conformaban os piares básicos da estrutura político-xurídica do Estado decimonónico. A elaboración do Código Civil, que debiera ser o primeiro dos textos xurídicos promulgados trala Constitución, foi, porén, o último de todos eles (en 1889), precisamente polos problemas e conflitos que polo mantemento do Dereito propio houbo coas distintas rexións forais.

Ó longo do século XIX prodúcese en España, a carón do proceso constitucional, o proceso codificador. Sen dúbida a invasión francesa de 1808, meteu o país no ambiente das constitucións e dos códigos que xa se percibía con claridade non só en Francia senón noutros estados. Por iso, xa na Constitución de Cádiz, de 1812 (art. 248, recollido nas sucesivas constitucións), establécese a necesidade de codificar tres ramas do Dereito:

a civil, a penal e a mercantil. Ó

#### 5. Ramas xurídicas non codificadas en España. Lexislación especial

As constitucións non se refiren á necesidade de codificación de determinadas ramas do Dereito, especialmente, o Dereito Procesual. Con todo, as leis de procedemento si se realizaron co formato de código ó longo do século XIX. Quedan fóra da codificación, incluso na actualidade, certas ramas do Dereito de nova formación: o Dereito laboral, o Dereito administrativo e o Dereito internacional carecen en España dun código propio. Á marxe do código existe a lexislación especial, isto é, lexislación que complementa os contidos do código e que en numerosas ocasións acaban sendo máis importantes e relevantes que o propio texto codificado, como sucede no Dereito mercantil)

## 6. A proxección do Dereito español nos novos estados americanos.



O Dereito español, sinaladamente o castelán (isto é, as Partidas de Afonso X, o Ordenamento de Alcalá, as Leis de Toro, o Foro Real, o Foro Juzgo, entre outros textos xurídicos), foran levados a Latinoamérica dende a conquista no século XV, convivindo dende aquela co costume local e indíxena. A estes textos de orixe castelá vanse unindo outros nados da vontade rexia na Idade Moderna: a Nova Recompilación, Pragmáticas Reais... Ó longo da Idade Moderna o dereito da Monarquía española é unha parte moi importante do dereito dos distintos territorios americanos. As institucións de dereito indíxena que atoparon os conquistadores españois baseábanse no costume, e, por iso, non viñan recollidas en textos xurídicos –o que permitiría a súa mellor conservación histórica–, ademais de seren costumes moi rudimentarias. Esta realidade do costume indíxena non impediu a súa influencia, sobre todo, vulgarizándoo, no Dereito castelán e no Dereito rexio que se aplicaba nos tribunais de xustiza americanos. É a época histórica do “acátese mais non se cumpra”, tendo conta das enormes diferenzas sociais e de ambiente entre a Metrópole e as colonias.

Ante os séculos de conquista, os territorios americanos de Monarquía acabaron interiorizando un Dereito para eles novo, pero moito máis avanzado que o costumario que eles tiñan. Por iso, cando ó longo do século XIX comezan as distintas colonias a obter a súa independencia de España, vense na obriga de dotarse dun Dereito, e acoden, como non podía ser doutro xeito, ó Dereito español do século XIX, agora en proceso de codificación. Os códigos civís, os primeiros penais, as leis procesuais do século XIX en Lationamérica, son, descendentes directísimos dos dereitos español e portugués (no caso do Brasil).

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS**

---

### **PRÁCTICA 1. TRABAJO INDIVIDUAL. CODIFICACIÓN CIVIL: “EXTINCIÓN DAS SERVIDUMES”**

#### **Obxectivos**

Mediante esta práctica preténdese que o alumno:

- Manexe textos histórico-xurídicos,
- Analice o desenvolvemento e cambio na regulación histórica dunha concreta institución de Dereito Civil cal é a “extinción das servidumes”.

#### **Actividades que debe desenvolver o alumno**

- Consultar os textos históricos propostos na práctica.
- Ler atentamente a regulación en sede de “extinción de servidumbres”. Estes textos, ó pertenceren a períodos históricos diferentes, teñen vocabulario, expresións e construcións diversas.
- Elaborar un traballo escrito no que responda as cuestión que se lle formulan no seguinte cuestionario:

- 1.- Indica cales son as clases de servidumes en Dereito romano.
- 2.- Cales son os “modos de extinción” das servidumes en Dereito Romano, e explícalos brevemente.
- 3.- Indica que clases de servidumes cita Afonso X en P. 3, 31
- 4.- Consulta o Proxecto de Código Civil de 1851 (a través da obra de Florencio García Goyena, *Concordancias, motivos y comentarios al Código Civil español*) e sinala cales son os modos de extinción das servidumes que alí se citan (arts. 545-547).
- 5.- Segundo o que se di no Proxecto, sinala:

- a) as leis das Partidas relacionadas cos arts. 545-547 do Proxecto.
  - b) Cales son os artigos do C.Civil francés relacionados cos arts. 545-547 do Proxecto.
  - c) Sinala as semellanzas ou diferenzas que observa García Goyena entre Partidas, Código francés e Proxecto.
- 6.- Que tipos de servidumes recolle o Código Civil de 1889? Indica os seus artigos.
- 7.- Acude ó noso Código Civil e indica artigos/s nos que se regula a extinción das servidumes.
- 8.- Observa as diferenzas ou semellanzas entre o Código Civil e o recollido polo Proxecto de 1851 sobre a extinción das servidumes? Indica que aprecias.
- 9.- Acude á Compilación de Dereito Civil Especial de Galicia, de 1963, e sinala que tipos de servidumes se regulan na Compilación e o que regula en relación cos modos de extinción das servidumes.
- 10.- Acude á Lei de Dereito Civil de Galicia, de 14 de xuño de 2006 (DOGA de 29 de xuño de 2006. BOE de 11 de agosto de 2006), e sinala que tipos de servidumes se regulan e o que recolle acerca dos modos de extinción das servidumes.

### **Duración**

- 1 hora presencial (obtención dos textos na Biblioteca Concepción Arenal
- 1 hora de lectura dos textos
- 2 horas de elaboración do traballo coas respostas as cuestións formuladas.

### **Avaliación**

A práctica participará da nota final do curso, xunto coas outras prácticas que se realicen, constituíndo, en conxunto, o 30% desa nota final.

No canto desta Proposta de Práctica 1, podería facer o alumno esta segunda proposta:

## **PRÁCTICA 2. TRABALLO INDIVIDUAL. CODIFICACIÓN PENAL: DELITO DE PARRICIDIO**

---

### **Obxectivos**

Mediante esta práctica preténdese que o alumno:

- Manexe textos histórico-xurídicos,
- Analice o desenvolvemento e cambio na regulación histórica dunha concreta institución de Dereito Penal cal é o delito de parricidio. A elección deste delito explícase polos nulos coñecementos penais dos alumnos de Primeiro no primeiro cuatrimestre, o que esixe a elección dunha figura xurídica próxima a eles por simple cultura xeral.

### **Actividades que debe desenvolver o alumno**

- Buscar en manuais de Dereito Romano que traten da materia criminal como evoluciona o senso do delito de parricidio neste sistema xurídico.
- Consultar os textos históricos propostos na práctica.
- Elaborar un traballo escrito no que responda as cuestión que se lle formulan no seguinte cuestionario:
  1. En D.48,9 como entenderon os xuristas romanos o parricidio?. Expón as súas ideas.
  - 2.- Na Partida de Afonso X que corresponda, busca a lei na que se castiga o parricidio. Explicaa
  - 3.- Nos códigos penais de 1822, 1848, 1932 y 1967, busca os artigos relativos ó delito de parricidio. Señala as súas diferenzas e semellanzas (autores, vítimas, conduta que se castiga, penas que se impoñen...), e trata de dar unha explicación de tales semellanzas e diferenzas.
  - 4.- Como se castigaría un suposto de parricidio no vixente Código Penal.
  - 5.- Observa e comenta as diferenzas da actual regulación coa dos outros códigos penais anteriores.

### **Duración**

- 1 hora presencial (obtención dos textos na Biblioteca Concepción Arenal
- 1 hora de lectura dos textos
- 2 horas de elaboración do traballo coas respostas ás cuestión formuladas.

## Avaliación

A práctica participará da nota final do curso, xunto coas outras prácticas que se realicen, constituíndo, en conxunto, o 30% desda nota final.

### PARA REALIZAR ESTAS PRACTICAS É NECESARIO CONSULTAR:

- MANUAL DE DEREITO ROMANO
- MANUAL DE DEREITO PENAL
- DIXESTO DE XUSTINIANO. Na Biblioteca “Concepción Arenal” atopase a versión traducida ó castelán coordinada por Álvaro D’Ors.
- Florencio GARCIA GOYENA,, “Concordancias, motivos y comentarios del Código civil español”, Madrid, 1852; o, Zaragoza, 1974. Tamén se pode consultar online na Biblioteca dixital do Congreso do Deputados: <http://www.congreso.es/cgi-bin/absys/abweb/G0>. En el link “Biblioteca Digital”, buscar por “Autor”: Garcia Goyena. Aparecerá o libro de *Concordancias, motivos y comentarios...* Ir a “Texto Completo v. 1”, “pp. 390-509”.
- COMPILACIÓN DE DERECHO ESPECIAL GALICIA, 1963. Exemplares na Biblioteca “Concepción Arenal”. Tamén a Lei 147/1963, de 2 de decembro, sobre Compilación do Dereito Civil Especial de Galicia podese consultar a través de [http://www.boe.es/g/es/bases\\_datos/gazeta.php](http://www.boe.es/g/es/bases_datos/gazeta.php). No título, teclear “compilación galicia”.
- CÓDIGO CIVIL. Exemplares na Biblioteca “Concepción Arenal”.
- DIARIO OFICIAL DE GALICIA da data indicada. Tamén se pode consultar on-line ó través da dirección electrónica: [http://www.avogaciagalega.org/w3/article.php3?id\\_article=1214](http://www.avogaciagalega.org/w3/article.php3?id_article=1214). Y tamén na páxina web do BOE: <http://www.boe.es/g/es/boe/dias/2006/08/11/>
- PARTIDAS AFONSO X. Podese consultar a través da ligazón “Textos histórico-xurídicos” da páxina web do Área de Historia do Dereito da USC: <http://www.usc.es/histoder>. Tamén na Biblioteca dixital PIXELEGIS. En papel, pódese consultar na Biblioteca “Concepción Arenal” a edición do Boletín Oficial del Estado, Madrid, 1974. Noutras bibliotecas da USC existen diferentes edicións en papel.
- CODIGOS PENAIIS HISTÓRICOS, na Biblioteca dixital PIXELEGIS e na páxina de IUSTEL.

## **PRÁCTICA 3. TRABALLO EN GRUPO. “XUÍZO DA RÚA\_FUENCARRAL (1888)”**

---

### **Obxectivos**

Mediante esta práctica preténdese que o grupo, e cada uno dos seus integrantes, poida:

- Coñecer algunha causa célebre da historia xudicial e criminal española
- Manexar textos histórico-xurídicos (lexislación, doutrina de época, documentos de aplicación do Dereito...)
- Analizar os aspectos xurídicos, nomeadamente, procesais, da causa proposta.
- Xerar un debate xurídico entre todos eles sobre os distintos elementos do xuízo desenvolvido.

### **Actividades que debe desenvolver o alumno/grupo**

- Acudir á Biblioteca Universitaria e localizar os textos indicados pola profesora.
- Lelos e enténdelos.
- Facer unha análise dos contidos xurídicos, poñéndoos en relación coa lexislación vixente.
- Facer un traballo por escrito e presentarllo á profesora na data indicada.
- Facer unha exposición oral diante dos compañeiros na clase por un tempo de 30 minutos, como máximo. O grupo presentará o relato dos feitos, e un breve excursus da investigación policial; e, sobre todo, o desenvolvemento procedemental do xuízo: partes intervinientes, acusacións, práctica de probas, sentenza, recursos...). Os alumnos deberán por en relación o caso real cas figuras xurídicas do seu coñecemento así como cos artigos das distintas leis (penais, procesuais, civís, mercantís...) que eles vexan aplicables, e facer un breve comentario. A práctica será presentada por escrito ó profesor. E oralmente, na clase, ó resto de compañeiros.

Coas mesmas exixencias, darase un caso célebre a cada grupo de alumnos para que o comenten. A profesora sinalará os membros dos distintos grupos de traballo, onde poden obter a bibliografía necesaria para facer a investigación, sempre, sinxela (non debe esquecerse que se trata de alumnos de Primeiro no primeiro cuadrimestre da súa carreira) e fundamentalmente existente na nosa Biblioteca Universitaria compostelá.



## **Duración**

- 2 horas presenciais (obtención dos textos na Biblioteca Concepción Arenal)
- 2 horas de lectura dos textos
- 4 horas de elaboración do traballo.

## **Avaliación**

A práctica participará da nota final do curso, xunto coas outras prácticas que se realicen, constituíndo, en conxunto, o 30% desa nota final.

## **PRÁCTICA 4: VOCES OU MONOGRÁFICO DE INSTITUCIÓN**

---

### **Obxectivo**

Mediante as “VOCES” preténdese que o alumno poida:

- Establecer por escrito os contornos xurídicos dun concepto importante da Unidade Didáctica, nunha definición reducida, pero completa.

Mediante o “MONOGRÁFICO DA INSTITUCIÓN” preténdese que o alumno poida

- Facer un estudo histórico-xurídico, moi sinxelo, dunha institución ou dun aspecto concreto dunha institución relacionada coa Unidade Didáctica.

### **Actividades que debe facer o alumno/grupo**

- Acudir á Biblioteca Universitaria e localizar os textos indicados pola profesora.
- Lelos e enténdelos.
- Facer ou ben unha “voz”, ou ben un traballo histórico-xurídico.
- Presentarllos por escrito á profesora na data indicada.

## **Duración**

- 2 horas presenciais (obtención dos textos na Biblioteca Concepción Arenal)
- 2 horas de lectura dos textos
- 4 horas de elaboración do traballo.

## **Avaliación**

A práctica participará da nota final do curso, xunto coas outras prácticas que se realicen, constituíndo, en conxunto, o 30% desa nota final.

## PROBAS-CUESTIONARIOS

---

De xeito improvisado, nunha clase expositiva ou práctica presencial, presentárase un formulario de tres ou catro preguntas, moi breves, semellante a este:

- 1.- Diferenza “recompilación” e “código”?
- 2.- Quen é F.C. von Savigny e que defende?
- 3.- Por que se tardou tanto en codificar o Dereito Civil en España? e en Alemaña? por que foi tan rápida a Codificación Civil en Francia?

## AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

---

A avaliación desta Unidade Didáctica realizarase co preceptivo exame final ademais das prácticas e probas.



O **exame** constará de tres preguntas a elixir dúas, que deberán ser superadas independentemente, o que así será cando o alumno acade un “4” polo menos, en cada unha delas.

As probas, como xa dixemos no apartado, “Actividades Propostas”, serán uns breves cuestionarios de tipo práctico que os alumnos responderán por escrito coa intención demostrar que as explicacións da materia son comprendidas. Estas breves **probos-cuestionarios** poderán facerse en calquera das sesións prácticas de tal unidade temporal ou nas clases expositivas, e non terán unha duración de máis de 15 minutos. Por último, contará na nota a presentación e exposición oral das **prácticas individuais ou en grupo**.

Na avaliación, as prácticas e as probas-cuestionarios suporán un 30% da nota final da materia. Agora ben, se alumno ou grupo de alumnos non fixesen (ou non superasen) as prácticas ou as probas-cuestionarios, entón a porcentaxe do valor do exame aumentaría.

Á hora da avaliación do alumnado deben ser considerados tres aspectos xerais:

**Cando avaliaremos?**

No caso desta Unidade Didáctica tanto no proceso do seu desenvolvemento como na súa fase final.

### Que avaliaremos?

Evidentemente os alumnos. Pero, de certo, tamén deberá ser avaliada a actuación docente. Trátase de lograr a corrección de erros, de mellorar os contidos metodolóxicos ou de valorar se os obxectivos fixados foron acadados ou non pola profesora.

A avaliación da actuación docente, lograrase mediante respostas dos alumnos a través das enquisas ou de cuestións directas ou indirectas sobre o Programa e o seu desenvolvemento.

### Como avaliaremos?

Mediante o exame escrito, e, ademais, a través de probas de tipo obxectivo (asistencia a clase, sinxelos cuestionarios de natureza uns máis prácticos e outros máis doutriniais (respostas a verbas chave da Unidade Didáctica, por exemplo). Ademais, realizaranse probas de natureza preferentemente subxectiva (participación na clase, exposición oral de prácticas ou valoración das prácticas).

## ANEXOS

### Anexo 1

*Táboa de textos codificados en España dende o século XIX ata a Constitución de 1978*

CONS. CADIZ (1812)  art. 248	<i>Trienio liberal</i>	<i>Absolutismo</i>	<i>Gobernos Moderados</i>	<i>"Gloriosa" Revolución</i>	<i>Restauración</i>	<i>Dit. Primo Rivera</i>	<i>II República (1931/36)</i>	<i>Dit. Franco</i>
<b>CODIFI PENAL</b>	1822		Comisión GnL.Codific. (1843)  C.P.1848-50	1870	1876	1928	1932	1944 1963 1973
<b>CODIFI MERCANTIL</b>		C.CO.1829			C.CO.1885			
<b>CODIFI PROCES</b>			LEC 1855		LEC 1881  LECRIM 1882			
<b>CODIFI CIVIL</b>					C.C. 1889	Apéndices		Compilacións  Tit.Prel.1973

## Anexo 2

### Táboa da codificación en Europa no século XIX

	<i>CODIFICACION</i>	<i>CODIFICA.</i>	<i>CODIFICI.</i>
	<i>PENAL</i>	<i>MERCANTIL</i>	<i>CIVIL</i>
<i>FRANCIA</i>	1810	1807	1804
<i>PORTUGAL</i>	1852 1886	1833 1888	1867
<i>ITALIA</i>	1859 1865 1889 1930	1865 1882	1865 1942
<i>ALEMAÑA</i>	1871	1897	1900
<i>ESPAÑA</i>	1822 1848-50 1870	1829 1885	1889

### Anexo 3

**VERBAS CHAVE:** CÓDIGO. RECOMPILACIÓN. PROXECTO DE LEI. LEI DE BASES. EXPOSICION DE MOTIVOS. CUESTION FORAL. MEMORIAS Ó CÓDIGO CIVIL. APÉNDICES. COMPILACIÓN. PRINCIPIO DE LEGALIDADE. PRINCIPIO DE TIPCIDADE. PRINCIPIO BENIGNIDADE. CARÁCTER REPRESIVO DA PENA. CARÁCTER PREVENTIVO DA PENA. MEDIDAS DE SEGURIDADE. PENA CAPITAL. EXIMENTES DO DELITO. CAUSAS XUSTIFICATIVAS. AGRAVANTES. ATENUANTES DO DELITO. CONCURSO DE DELITOS. COMISIÓN NACIONAL DE CODIFICACIÓN. DEREITO MERCANTIL OBXECTIVO. ACTOS DE COMERCIO. XURISDICIÓN MERCANTIL. LEIS ORGÁNICAS. LEIS DE AXUIZAMIENTO.

### **BIBLIOGRAFÍA XERAL DA UNIDADE DIDÁCTICA**

- SÁNCHEZ-ARCILLA BERNAL, José (2001): *Historia del Derecho español*, Barcelona: Ediciones Cálamo.
- (2004), *Manual de Historia del Derecho*, Madrid: Editorial Dykinson.
- (2008), *Compendio de Historia del Derecho*, Madrid: Editorial Dykinson.
- (1994e):*Historia de las instituciones político-administrativas contemporáneas (1808-1975)*, Madrid.
- ALEJANDRE GARCÍA, Juan Antonio (1980): *Temas de Historia del Derecho: Derecho del Constitucionalismo y de la Codificación. I*, Sevilla.
- CLAVERO, Bartolomé (1979): *Temas de Historia del Derecho: Derecho Común*, Sevilla, 1979 y Salamanca, 1994.
- .–(1989): *Manual de Historia constitucional de España*, Madrid.
- FERNÁNDEZ ESPINAR, Ramón (1973): *Historia del Derecho*, Madrid.
- GACTO FERNÁNDEZ, Enrique (1981): *Temas de Historia del Derecho: Derecho Constitucional y de la Codificación. II*, Sevilla.
- GARCÍA GALLO, Alfonso (1984): *Manual de Historia del Derecho español*, Madrid.
- GIBERT, Rafael (1981): *Historia General del Derecho español*, Madrid.
- (1982): *Elementos formativos del Derecho en Europa. Germánico, Romano, Canónico*, Madrid.
- IGLESIA FERREIRÓS, Aquilino (1992): *La creación del Derecho. Manual. Una historia de la formación de un Derecho estatal español*, Barcelona.
- LALINDE ABADÍA, Jesús (1989): *Instituciones político-administrativas y civiles*, Barcelona.
- PÉREZ-BUSTAMANTE, Rogelio (1994): *Los Estados de la Unión Europea. Historia política y constitucional*, Madrid.
- PESET, Mariano, Adela MORA Y OTROS (1991): *Historia del Derecho*, Valencia.
- SÁNCHEZ BELLA, Ismael, Alberto de la HERA, Carlos DIAZ DE REMENTERÍA (1992):*Historia del Derecho indiano*, Madrid.
- TOMÁS Y VALIENTE, Francisco (1997): *Manual de Historia del Derecho español*, Madrid: Tecnos.

### **Citas de recursos en internet**

[www.usc.es/histoder](http://www.usc.es/histoder)



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo de profesores e alumnos de todas as materias e titulacións da universidade



Servizo de Normalización  
Lingüística

